

BORRADOR**XUNTA DE GOBERNO****Sesión do día 06 de febreiro de 2026**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 6 de febreiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36017.- **ACTA ANTERIOR**

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2026.

2.36018.- **APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026. (EXPTE.2025080622)**

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega e á normalización social da lingua galega, pretende promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.



BORRADOR

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e poderán beneficiarse deste programa as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra ou acreditar fidedignamente que teñen a súa sede ou unha delegación nela, e que as súas actividades se realizarán no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.
- Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

O 15 de decembro de 2025, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, e solicítaselle ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

O 16 de decembro de 2025, o xefe do Servizo de Normalización Linguística e Servizos Linguístico emite informe do programa indicado, con CSV: JWRPINJT6DBS4ML, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 15 de xaneiro de 2026, a área de Secretaría emite informe, con CSV: 1Y2TJC1HI3XHVBXYX, sobre as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

O 20 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: W3LK61MWOES7UN51, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 26/334.3340.489.05 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12026000016122, por importe de 150.000,00 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da



BORRADOR

comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, , de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS)
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)



BORRADOR**APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS**

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (150.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, que figuran co CSV: JK68N1UDBXNXG5YS e que se achegan a continuación:

“BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026 (PROCEDIMENTO SLA 215828)

Realizar actividades de dinamización lingüística resulta crucial para favorecer o coñecemento, a posta en valor e o uso da lingua galega por parte da cidadanía en todos os ámbitos. Para iso, cómpre implicar a todos os sectores sociais e, principalmente, o tecido asociativo, que está máis preto da cidadanía, co obxectivo de incrementar a presenza do galego en todos os contextos e desmontar os prexuízos a través dunha boa información, e difundir argumentos que acaben con opinións belixerantes e demagóxicas sobre o galego que aínda permanecen en certos ámbitos.

A Deputación de Pontevedra, e concretamente o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, ten no seu ámbito legal de atribucións a finalidade de promover a coordinación en materia de dinamización e normalización lingüística.

Por este motivo, vólvese convocar esta liña de subvencións, activa desde 2017, coa que se busca favorecer unha dinámica de actuación no movemento asociativo provincial encamiñada a poñer en marcha iniciativas dirixidas a aumentar o uso e a dinamización do galego, mediante accións ou actividades (sensibilización lingüística, formación e outras), para atender a demanda que ano tras ano manteñen o conxunto de asociacións da nosa provincia en favor da promoción e defensa da nosa lingua, tal como se aprecia no incremento constante de entidades solicitantes.



BORRADOR

Desde o punto de vista competencial, no artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa Constitución española, establécese que “a lingua propia de Galicia é o galego” e tamén que “os poderes públicos de Galicia garantirán (...) o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.”

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.” No seu artigo 4.1 establécese tamén que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” Así mesmo, no seu artigo 25 figura que “o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o seu uso no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e nas actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Segunda. Finalidade

A Deputación de Pontevedra, a través da convocatoria desta liña de axudas, pretende continuar a colaboración coas entidades sen fins de lucro da nosa provincia para realizar actividades de dinamización da lingua galega que contribúan á promoción do seu uso, á mellora do seu prestixio e á súa dinamización social.

A finalidade destas axudas é potenciar a dinamización, presenza e uso social do galego, para favorecer a súa consolidación como ferramenta de cohesión, participación e transformación comunitaria no territorio. Preténdese fortalecer as capacidades dos axentes e iniciativas que contribúan a ampliar os espazos onde se empregue de forma efectiva o galego e a reforzar a súa transmisión interxeracional, especialmente naqueles ámbitos nos que precisa maior apoio.



BORRADOR

A través desta liña de subvencións búscase activar procesos de dinamización lingüística na provincia de Pontevedra que afonden nos vínculos individuais e sociais coa lingua e co territorio.

As accións elixibles que se financiarán deben responder a un ou a varios dos seguintes obxectivos:

- a) Impulsar a actividade, a creación e os procesos sociolingüísticos que favorezan un uso máis amplo, diverso e consciente do galego, en estreita vinculación coas comunidades e cos seus contextos sociais e territoriais desta provincia.*
- b) Promover a dinamización, modernización e innovación dos sectores e axentes que traballan pola lingua, favorecendo a xeración de emprego, a profesionalización, a creación de redes locais e a incorporación efectiva da igualdade de xénero na planificación lingüística.*
- c) Promover a inclusión, a participación cidadá e o apoderamento lingüístico, favorecendo que a lingua galega sexa un instrumento de participación democrática, benestar e cohesión social e territorial, con especial atención ás estratexias de igualdade de xénero.*
- d) Favorecer a diversidade lingüística e sociocultural, o diálogo e o intercambio entre ámbitos rurais e urbanos, impulsando iniciativas que reforcen o valor comunitario do galego.*
- e) Promover accións que garantan a accesibilidade lingüística, fomenten a igualdade, a inclusión social e o uso do galego como ferramenta para unha sociedade máis sostible e cohesionada.*

Terceira. Réxime xurídico aplicable

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade. En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia e sempre antes de xustificar os fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación, deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

Cuarta. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 26/334.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 75 % do seu orzamento nin superar o importe de catro mil euros (4.000 €).

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



BORRADOR*Quinta. Entidades beneficiarias*

Poderán solicitar estas subvencións as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- *Carecer de fins de lucro.*
- *Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, ou acreditar fidedignamente que teñen a súa sede ou unha delegación nela, e que as súas actividades se realizarán no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades vinculadas, directa ou indirectamente, a partidos políticos, incluídas as fundacións, as asociacións, as entidades instrumentais ou calquera outra estrutura organizativa dependente ou afín a estas.

Así mesmo non serán beneficiarias, as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para actividades de dinamización da lingua galega, concedidas no exercicio anterior.

Sexta. Actividades subvencionables

Serán subvencionables os proxectos presentados para as accións sinaladas a continuación que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026:

- Fomento do uso e prestixio da lingua galega a través de programas de normalización e dinamización lingüística:*
 - *Certames literarios e xornalísticos que promovan a creación en lingua galega nos rangos de idade onde o galego ten menos uso e prestixio.*
 - *Actividades de creación que permitan asociar a lingua galega a valores positivos: modernidade, lecer, novas tecnoloxías ou videoxogos.*
 - *Proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos podcasts, dos videoxogos e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade.*
 - *Xornadas e eventos que promovan a creación en lingua galega.*
- Sociolingüística e toponimia:*
 - *Estudos e publicacións sobre sociolingüística.*
 - *Xornadas e publicacións de recuperación da toponimia.*
- Fomento do emprego do galego no comercio e na industria.*
- Campañas para a dinamización, o uso e o prestixio da lingua galega no ámbito comercial e socioeconómico.*
- Recoñecementos e distincións:*
 - *Accións que recoñezan o labor de persoas ou colectivos que transmitan valores positivos asociados á lingua galega a través do seu uso e defensa.*
- Fomento do emprego do idioma galego:*
 - *Actividades de captación de neofalantes.*



BORRADOR

- *Actividades de dinamización e normalización da lingua galega que fomenten o seu emprego activo, a socialización en galego e que o asocien con valores positivos (modernidade, prestixio, lecer, diversión...), especialmente dirixidas á infancia e á mocidade.*

Os proxectos obxecto de subvención poderán consistir nunha actividade, nun programa concreto, en actividades dun programa concreto ou cun mesmo fío condutor, e estarán asinados pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades realizadas ao longo de todo o ano, senón unicamente unha actividade ou un programa concreto, do que se terá que indicar o lugar e as datas de realización.

Calquera escrito, publicación, comunicación ou programa deberá seguir as normas da Real Academia Galega e non se admitirán textos noutras variantes normativas; así mesmo, no caso de empregar símbolos de Galicia, estes deberán ser conformes coa Lei 5/1984, de 29 de maio, de símbolos de Galicia.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios, estean vinculados á edición do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- a. *Infraestruturas e espazos para o programa ou evento:*
 - 1. *Gastos polo alugueiro de auditorios e/ou salas.*
 - 2. *Gastos polo alugueiro de proxección, son e/ou iluminación.*
- b. *Contratación de servizos técnicos e profesionais:*
 - 1. *Gastos de contratación de persoal técnico para a instalación temporal e o manexo dos mencionados equipos.*
 - 2. *Gastos de contratación de servizos profesionais para o desenvolvemento do evento.*
- c. *Edición de publicacións:*
 - 1. *Gastos de edición do catálogo e dos folletos de programación do evento.*
- d. *Comunicación e prensa:*
 - 1. *Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.*
 - 2. *Gastos de materiais para os medios de comunicación.*
- e. *Publicidade e difusión:*
 - 1. *Gastos de campañas publicitarias.*
 - 2. *Gastos de carteis e material promocional.*
- f. *Grupos, artistas e compañías:*
 - 1. *Cachés dos grupos, artistas e compañías.*
 - 2. *Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e, no seu caso, regreso á orixe (en clase turista, económica ou similar).*
 - 3. *Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con orixe e destino dentro de España (en clase turista, económica ou similar).*
 - 4. *Gastos de aloxamento e manutención das e dos convidadas.*
- g. *Outros gastos non recollidos nos apartados anteriores e relacionados directamente co proxecto.*



BORRADOR*Sétima. Actividades non subvencionables*

Exclúense desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención:

- *As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación.*
- *Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano.*
- *As viaxes de lecer, as excursións, as festas e xornadas gastronómicas e as festas populares.*
- *Os gastos de alimentos e bebidas, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.*
- *As actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais.*
- *As actividades lúdicas, de lecer e de carácter deportivo.*
- *As actividades das anpas, asociacións baixo a titularidade e/ou xestión en centros educativos, as federacións e os clubs deportivos.*
- *Aquelas accións que se leven a cabo en distintos concellos e das que estes presenten proxectos con actividades e orzamentos similares nas súas memorias.*
- *Calquera actividade que xere ingresos pola venda do produto obxecto da subvención no resultado do seu orzamento.*
- *As gravacións de discos e material sonoro, agás aqueles proxectos enfocados exclusivamente no fomento do uso do idioma galego.*
- *As actividades de posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos).*
- *Os festivais musicais, en calquera das súas manifestacións, as mostras de teatro, os cantos de taberna, os encontros e certames culturais.*
- *Os certames e as actividades de posta en valor da pintura, da escultura, da arquitectura e da banda deseñada.*
- *Os proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos pódcast, dos videoxogos e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade, e as actividades nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego, conforme á nosa norma oficial.*
- *As publicacións e edicións que non utilicen o galego e a imaxe corporativa, conforme á nosa norma oficial.*
- *As publicacións e edicións de libros e revistas culturais de temática variada, por ter cabida noutras convocatorias doutros servizos da institución provincial.*
- *Os almanaques e as axendas anuais.*

Oitava. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP. Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



BORRADOR*Novena. Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Comprobación dos datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade.
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.
- c. Certificado de estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.

En caso de que as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa profusamente detallada e redactada en lingua galega da actividade obxecto da subvención, asinada pola persoa representante, na que se indique de forma clara e veraz o expresado no seguinte punto, seguindo a orde dos criterios establecidos na base décimo cuarta da convocatoria, para que estes poidan ser valorados pola Comisión de Valoración.
- A memoria deberá conter, nesta orde, os seguintes datos:
 - Nome do proxecto.
 - Lugar e data de realización.
 - Número e descrición das actividades e accións a favor da lingua dentro do programa subvencionable.
 - Obxectivos e metodoloxía.
 - Persoas beneficiarias e ámbitos prioritarios ou estratéxicos para a normalización lingüística aos que se dirixe: socioeconómico, educativo, familia, mocidade ou lecer.
 - Actividades formativas e divulgativas realizadas anteriormente pola asociación en materia de dinamización e normalización lingüística.
 - Programas en rede ou en colaboración con outras entidades.
 - Número de edicións do programa.



BORRADOR

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizáranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de modo presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo terceira. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realízase en réxime de concorrencia competitiva e para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

Puntos que se distribúen: 220



BORRADOR

1. *Calidade e contido técnico da proposta, ata 35 puntos.*
 - 1.1. *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata 15 puntos.*
 - 1.2. *Metodoloxía e calendario previstos, ata 10 puntos.*
 - 1.3. *Carácter innovador do proxecto, ata 10 puntos.*
2. *Orzamento total da actividade, ata 75 puntos:*

≤ 500	3 puntos		$> 500 \leq 800$	4 puntos
$> 800 \leq 1.200$	5 puntos		$> 1.200 \leq 1.5000$	6 puntos
$> 1.500 \leq 1.800$	7 puntos		$> 1.800 \leq 2.000$	8 puntos
$> 2.000 \leq 2.500$	10 puntos		$> 2.500 \leq 3.000$	12 puntos
$> 3.000 \leq 3.500$	15 puntos		$> 3.500 \leq 4.000$	20 puntos
$> 4.000 \leq 4.500$	25 puntos		$> 4.500 \leq 5.000$	30 puntos
$> 5.000 \leq 6.000$	35 puntos		$> 6.000 \leq 7.000$	40 puntos
$> 7.000 \leq 8.000$	50 puntos		$> 8.000 \leq 10.000$	60 puntos
$> 10.000 \leq 12.500$	70 puntos		> 12.500	75 puntos

3. *Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 25 puntos:*

$\leq 25 \%$	25 puntos		$> 25 \% \leq 35 \%$	20 puntos
$> 35 \% \leq 45 \%$	15 puntos		$> 45 \% \leq 55 \%$	10 puntos
$> 55 \% \leq 65 \%$	5 puntos		$> 65 \% \leq 75 \%$	3 puntos

4. *Experiencia, traxectoria e especialización da entidade no desenvolvemento de actividades en prol da normalización lingüística, ata 65 puntos.*
 - 4.1. *Actividades formativas e divulgativas realizadas anteriormente pola asociación en materia de dinamización e normalización lingüística, ata 20 puntos.*
 - 4.2. *Programas que se desenvolven en rede ou en colaboración con outras entidades (culturais, centros educativos, asociacións etc.), ata 15 puntos.*
 - 4.3. *Programa dirixido a un dos ámbitos prioritarios ou estratéxicos para a normalización lingüística (socioeconómico, educación, familia, mocidade, lecer e novas tecnoloxías), ata 30 puntos.*
5. *Grao de consolidación e sensibilización lingüística da entidade, ata 20 puntos:*
 - 5.1. *Número de edicións ou antigüidade do programa (1 punto por edición ou ano), ata 10 puntos. Verifícase coa presentación do cartel da última edición. En caso de non figurar, considerarase que o programa está na súa primeira edición.*
 - 5.2. *Número de accións a favor da lingua dentro do programa subvencionable (1 punto por acción), ata 10 puntos.*

As accións implican un número múltiple e determinado de actividades; é dicir, as actividades son as tarefas programadas para cumprir coa acción establecida.

A Deputación poderá requirirllas ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e tamén dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados por parte das entidades solicitantes.



BORRADOR

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban doutras administracións para o mesmo fin, sempre que o conxunto de todas elas non supere o 100 % do custo da actividade ou do investimento que leve a cabo a entidade beneficiaria.

Décimo quinta. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo cuarta e se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do devandito informe-proposta sobre as solicitudes de subvención recibidas. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- *Presidente: o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.*
- *Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e un do persoal técnico do Servizo de Intervención.*
- *Secretaria ou secretario: unha ou un funcionario do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- *Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención.*

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP, e publicarase no BOPPO, conforme ao artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Na resolución do procedemento por parte do órgano competente, de conformidade co disposto nestas bases reguladoras, deberán acreditarse os fundamentos da resolución que se adopte, e o prazo máximo para resolver o procedemento será de seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificárllelo ás persoas potencialmente beneficiarias lexítimas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, a entidade interesada poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da LPACAP) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



BORRADOR*Décimo sexta. Modificación da resolución*

Tal como se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, e tras unha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen os dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo dunha proposta previa da Comisión de Valoración, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo dun informe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias da subvención terán as seguintes obrigas:

- a) *Levar a cabo a actividade subvencionada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.*
- b) *Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, logo de presentar a solicitude da convocatoria correspondente.*
- c) *Proporcionar en todo momento a información que se lles solicite respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.*
- d) *Incluír os logos da Deputación de Pontevedra en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.*
- e) *Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra.*
- f) *Velar polo cumprimento da normativa fiscal e laboral, así como da de prevención de riscos laborais. A Deputación quedará exenta de toda responsabilidade das contratacións levadas a cabo ao abeiro deste programa de subvencións.*
- g) *Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.*

Décimo oitava. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2027.

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, coa desviación máxima recollida no punto d) desta base décimo oitava e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os referidos a alimentos e bebidas.



BORRADOR

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- a. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos.*
- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada unha delas deberá figurar o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total.*

Non se admitirán as nóminas do persoal propio da entidade nin as facturas con data posterior á finalización do prazo de xustificación.

- c. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece na base 25.8.2.c das Bases de execución do vixente Orzamento provincial.*
- d. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.*
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.*
- f. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible unha forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900 €) implicará que este se considere non subvencionable.*
- g. Acreditar a debida difusión, polo menos en lingua galega, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.*
- h. Declaración de que non se recibiron outros ingresos ou outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.*

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, situación que determinará de oficio a propia institución provincial.

Décimo novena. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.



BORRADOR*Vixésima. Incumprimento*

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo oitava sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, desde o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos requiriráselle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

Non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio do procedemento da perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo primeira. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Se se obteñen falseando as condicións requiridas.
- Se non se aplican aos fins para os que foron concedidas.
- Se a entidade beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións.

Vixésimo segunda. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2026 e cumprindo o estipulado no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo terceira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle á BDNS a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, ademais o extracto publicarse no BOPPO.

Vixésimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



BORRADOR

Vixésimo quinta. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no RLXS e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”

3.36019.- **BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026 (EXPTE. 2026001816)**

Antecedentes:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega, á normalización social da lingua galega e ao impulso dos sectores das artes escénicas e musicais na provincia de Pontevedra, promove unha liña de subvencións específica destinada a fomentar e difundir as actividades teatrais e musicais que se levan a cabo no seu ámbito territorial por asociacións non lucrativas da provincia, por considerar que se trata de elementos chave da creatividade artística e da dinamización cultural da nosa provincia.

Segundo.- Nesta convocatoria establécense dúas liñas de actuación:

- Liña 1: Festivais musicais
- Liña 2: Festivais de artes escénicas

Terceiro.- Con esta liña de subvencións, a Deputación subvenciona unha media de quince festivais musicais e de artes escénicas cada ano, o que demostra o seu interese neste tipo de acción pública.

Cuarto.- A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrancia, obxectividade, transparencia e igualdade
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados por esta Administración
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e de Intervención de 26 de xaneiro de 2026 que figura no expediente con CSV: XHJ7L1BD2LMUNXU6

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra



BORRADOR

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e o artigo 118.d), a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2026, que figuran co CSV: 042HZZB116JLYTQ4P e que son do seguinte teor:

“BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVALS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega, á normalización social da lingua galega e ao impulso dos sectores das artes escénicas e musicais na provincia de Pontevedra, promove unha liña de subvencións específica destinada a fomentar e difundir as actividades teatrais e musicais que se levan a cabo no seu ámbito territorial por asociacións non lucrativas da provincia, por considerar que se trata de elementos chave da creatividade artística e da dinamización cultural da nosa provincia.

Así, a existencia das mencionadas estruturas asociativas culturais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e, en definitiva, para o acceso igualitario da cidadanía á cultura. A súa eventual desaparición ou enfraquecemento causados por situacións externas anómalas ou de emerxencia supoñerían privar a cidadanía dun dereito constitucionalmente establecido.



BORRADOR

Deste xeito, a Deputación, con esta liña de subvencións, activa desde o ano 2017, subvenciona unha media de quince festivais musicais e de artes escénicas cada ano, o que demostra o seu interese neste tipo de acción pública.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d, a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións para o apoio ao desenvolvemento e á organización deste tipo de eventos na provincia de Pontevedra durante o ano 2026, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames musicais e teatrais de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra, que lles dediquen especial atención á programación e á difusión da música e do teatro galegos, ademais doutras variantes artísticas, e que se levasen a cabo como mínimo en catro edicións consecutivas nos últimos catro anos.

Segunda. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade. En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).



BORRADOR*Terceira. Entidades destinatarias*

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

- *Carecer de fins de lucro.*
- *Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.*
- *Desenvolver a actividade principal no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.*
- *Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Deputación de Pontevedra.*

Cuarta. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas convócanse con cargo á aplicación 26/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de douscentos mil (200.000,00) euros, en dúas liñas de actuación:

- *Liña 1: Festivais musicais 150.000,00 €*
- *Liña 2: Festivais de artes escénicas 50.000,00 €*

O importe máximo que se conceda, en cada caso, para apoiar o desenvolvemento e a organización de festivais e certames de artes escénicas e musicais na provincia de Pontevedra non poderá superar o 75 % do orzamento presentado para a súa realización. Se, tras repartir as cantidades en función do número e do importe das subvencións solicitadas, existise un aforro nunha das liñas subvencionadas, este poderase trasladar á outra liña de subvención, e veranse incrementados os proxectos subvencionables.

Quinta. Requisitos das actividades subvencionables

A. Liña 1. Para os festivais musicais, que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Levarse a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.*
- b) Ter unha duración mínima de dúas xornadas e un mínimo de oito grupos.*
- c) Contar coa participación dun mínimo de catro grupos galegos que interpreten obras en galego ou de autoría galega.*
- d) Levar un mínimo de catro edicións consecutivas antes da convocatoria destas bases.*
- e) Incluír na programación actividades paralelas de posta en valor do sector musical galego ou de formación musical.*
- f) Empregar a lingua galega na comunicación nos diferentes soportes e no desenvolvemento das actividades paralelas, sen prexuízo do uso doutras linguas oficiais.*

B. Liña 2. Para os festivais de artes escénicas, que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Levarse a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.*
- b) Ter unha duración mínima de dúas xornadas e un mínimo de oito compañías.*
- c) Contar coa participación dun mínimo de catro compañías galegas ou que poñan en escena obras de autoría galega e empregar a lingua galega nas súas representacións.*
- d) Levar un mínimo de catro edicións consecutivas antes da convocatoria destas bases.*
- e) Incluír na programación actividades paralelas de posta en valor do sector teatral galego ou de formación.*
- f) Empregar a lingua galega na comunicación nos diferentes soportes, sen prexuízo do uso doutras linguas oficiais.*

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención as actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación, coma festivais e certames organizados por bandas de música, asociacións e grupos folclóricos, rondallas, agrupacións e masas corais.



BORRADOR*Sexta. Gastos subvencionables*

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios, estean vinculados á edición do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- a. Infraestruturas e espazos para as actuacións:*
 - 1. Gastos polo alugueiro de auditorios, salas ou espazos, ou de equipos de proxección, son ou iluminación.*
 - 2. Gastos de desenvolvemento ou alugueiro de uso de plataformas virtuais para proxeccións e para realizar actividades programadas do festival.*
 - 3. Gastos de aloxamento virtual de contidos do festival relacionados cos concertos e coa realización de actividades programadas.*
- b. Contratación de servizos técnicos e profesionais:*
 - 1. Gastos de contratación de persoal técnico para a instalación temporal e o manexo dos mencionados equipos.*
 - 2. Gastos de contratación de servizos profesionais para o desenvolvemento do festival.*
- c. Xestión de concertos e espectáculos:*
 - 1. Gastos de licenza.*
 - 2. Gastos por dereitos de autoría.*
 - 3. Gastos de sistemas de entrada.*
- d. Edición de publicacións:*
 - 1. Gastos de edición do catálogo e dos folletos de programación do festival.*
- e. Comunicación e prensa:*
 - 1. Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.*
 - 2. Gastos de materiais para os medios de comunicación.*
- f. Gastos de publicidade e difusión:*
 - 1. Gastos de campañas publicitarias.*
 - 2. Gastos de carteis e material de promoción.*
- g. Cachés de grupos, artistas e compañías:*
 - 1. Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e, no seu caso, regreso á orixe, en clase turista, económica ou similar.*
 - 2. Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con orixe e destino dentro de España en clase turista, económica ou similar.*
 - 3. Gastos de aloxamento e manutención das e dos convidados.*
- h. Gastos de implantación de medidas de seguridade hixiénico-sanitarias e laborais:*
 - 1. Gastos de materiais non inventariables e dispositivos de protección e desinfección para o persoal e o público; servizos de limpeza e desinfección; e, en xeral, calquera custo de material e a súa instalación relacionados coa adaptación das instalacións ás medidas sanitarias.*
 - 2. Gastos de elaboración de plans de seguridade e riscos laborais, así como os gastos de formación do persoal derivados destes plans.*

En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos do valor do mercado.

Non serán subvencionables:

- Os gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade e funcionamento ordinario da promotora ou promotor, tales coma alugueiros de locais, gastos financeiros, licenzas, impostos, asesoría legal ou consumos ordinarios (electricidade, gas, auga), entre outros.*



BORRADOR

- Os gastos de soldos, salarios ou calquera outro tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos da promotora ou promotor, se é persoa física, ou das persoas pertencentes á entidade promotora do festival.
- O investimento ou a adquisición de material ou equipos que supoñan un incremento do patrimonio de quen o solicitase.
- Os gastos protocolarios de festas, cócteles, degustacións gastronómicas ou outros eventos similares.
- Os gastos excluídos no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Sétima. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Ck@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade.
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.
- c. Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- d. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación

As entidades interesadas deberán presentar a súa solicitude, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar, xunto coa seguinte documentación:

- a. Memoria completa e detallada do proxecto para o que se solicita a subvención, asinada pola persoa representante e que inclúa os datos correspondentes, que se axustarán aos criterios de valoración especificados na letra b) da base décimo cuarta.
- b. Memoria completa e detallada da última edición do festival, asinada pola persoa representante, na que se detallen a súa antigüidade e as especificacións axustadas aos criterios de valoración que aparecen na letra a) da base décimo quinta. Esta memoria acompañarase dunha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación de Pontevedra poderá comprobar en calquera momento.
- c. Dossier de prensa da última edición do festival.



BORRADOR

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizáranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

En caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial nos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.



BORRADOR

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias das subvencións serán as únicas responsables da realización dos festivais, así como das obrigas fiscais e de seguridade social que de eles deriven. Ademais, terán que cumprir o seguinte:

- a. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas antes de contratar a prestación do servizo, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado un número suficiente de entidades que as realicen, as presten ou as subministren, ou que o gasto se fixese antes da solicitude da subvención.*
- b. Cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias establecidas na normativa vixente no desenvolvemento de todas as actividades.*
- c. Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado.*
- d. Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas logo da presentación da solicitude da convocatoria correspondente.*
- e. Proporcionar en todo momento a información que se lles solicite respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.*
- f. Incluír os logos da Deputación de Pontevedra segundo a súa normativa básica de identidade corporativa en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada.*
- g. Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra.*
- h. Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.*

Décimo cuarta. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva; para a adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

A. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA EDICIÓN ANTERIOR, ata un máximo de 90 puntos

- 1. Número de grupos, compañías ou integrantes (contabilizar só un apartado): ata 20 puntos**
 - 1.1. Grupos ou compañías galegas ou con integrantes galegos: 1 punto por grupo ou compañía, ou 0,1 puntos por integrante (máximo de 6 puntos)**
 - 1.2. Grupos ou compañías con integrantes do resto do Estado: 1 punto por grupo ou 0,2 puntos por integrante (máximo de 4 puntos)**
 - 1.3. Grupos ou compañías con integrantes internacionais: 2,5 puntos por grupo ou 0,3 puntos por integrante (máximo de 10 puntos)**
- 2. Asistencia ao festival: ata 10 puntos**

Acreditarase cunha declaración responsable ou cun certificado expedido pola secretaria ou secretario da entidade na que fiquen o número total de asistentes, xunto cos datos individuais de cada unha das xornadas, así como as normas ou pautas que validan o referido dato. Non se terá en conta a asistencia ás actividades e accións paralelas: charlas, publicacións...

 - 2.1. Entre 500 e 1.000 asistentes: 3 puntos**
 - 2.2. Entre 1.001 e 3.000 asistentes: 5 puntos**
 - 2.3. Entre 3.001 e 5.000 asistentes: 7 puntos**
 - 2.4. Máis de 5.000 asistentes: 10 puntos**



BORRADOR

3. *Actividades e accións paralelas, distintas da actividade principal, desenvolvidas no ano anterior (cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados onde se insira): ata 30 puntos*
 - 3.1. *Destinadas ao sector musical ou escénico, coma charlas, publicacións, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (máximo de 5 puntos)*
 - 3.2. *Destinadas ao alumnado en formación musical ou escénica: 1 punto por actividade ou acción (máximo de 5 puntos)*
 - 3.3. *Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (máximo de 5 puntos)*
 - 3.4. *Destinadas a proxectar o festival, agás os días nos que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (máximo de 5 puntos)*
 - 3.5. *Actividades en favor da accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual, coma o subtitulado, o bucle magnético, a lingua de signos ou a audiodescrición: 1 punto por acción (máximo de 5 puntos)*
 - 3.6. *Destinadas a fomentar a lingua galega: 1 punto por grupo que teña no seu repertorio polo menos cinco temas en galego ou composicións de artistas galegas ou galegos. No caso das compañías teatrais, computaranse as obras que se desenvolvan en galego (máximo de 5 puntos)*
4. *Esforzo de difusión e impacto social do festival na edición anterior: ata 10 puntos*
 - 4.1. *Dossier de prensa da edición anterior. Presentarase en PDF coa relación de recortes de prensa e ligazóns a medios dixitais: ata 4 puntos*
 - 4.2. *Ligazón ou identificación baixo o dominio .gal da páxina web específica do festival e dos perfís de redes sociais específicos do festival na edición anterior: ata 4 puntos*
 - 4.2.1. *Páxina web propia: ata 2 puntos*
 - 4.2.2. *Perfil nas redes sociais: ata 2 puntos*
 - 4.3. *Publicación do catálogo do festival: enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e da oferta cultural do festival, formas de acceso, actividades complementarias etc. Para efectos de comprobación, presentarse o PDF da publicación ou a ligazón dixital a esta: 2 puntos*
5. *Viabilidade do proxecto: ata 20 puntos*

Terase en conta a solidez financeira do festival, para o que se valorarán as achegas de fondos propios da entidade organizadora e os patrocinios de entidades privadas con respecto ao seu orzamento total (co IVE, salvo no caso de ser deducible) relativos á edición anterior.

Non se admitirán como fondos propios as achegas de financiamento doutras administracións públicas das que se obtivese algún tipo de axuda.

 - 5.1. *Entre o 15 % e o 25 % do orzamento: 5 puntos*
 - 5.2. *Entre o 25,01 % e o 50 % do orzamento: 10 puntos*
 - 5.3. *Entre o 50,01 % e o 75 % do orzamento: 15 puntos*
 - 5.4. *Máis do 75 % do orzamento: 20 puntos*

B. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROPOSTA PARA O ANO 2026, ata un máximo de 100 puntos

1. *Antigüidade do festival: ata 20 puntos*
 - 1.1. *De 4 a 10 edicións: 5 puntos*
 - 1.2. *De 11 a 15 edicións: 10 puntos*
 - 1.3. *De 16 a 20 edicións: 15 puntos*
 - 1.4. *Máis de 20 edicións: 20 puntos*



BORRADOR

2. *Actividades paralelas previstas, distintas da actividade principal, que se vaian levar a cabo: ata 30 puntos*
 - 2.1. *Destinadas ao sector musical ou teatral profesional, coma charlas, publicacións, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (máximo de 5 puntos)*
 - 2.2. *Destinadas ao alumnado en formación musical ou escénica: 1 punto por actividade ou acción (máximo de 5 puntos)*
 - 2.3. *Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (máximo de 5 puntos)*
 - 2.4. *Destinadas a proxectar o festival, excepto os días nos que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (máximo de 5 puntos)*
 - 2.5. *Actividades en favor da accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual, coma o subtitulado, o bucle magnético, a lingua de signos ou a audiodescripción: 1 punto por acción (máximo de 5 puntos)*
 - 2.6. *Destinadas a fomentar a lingua galega: 1 punto por grupo que teña no seu repertorio polo menos cinco temas en galego ou composicións de artistas galegas ou galegos. No caso das compañías teatrais, computaranse as obras que se fagan en galego (máximo de 5 puntos)*
3. *Viabilidade do proxecto. Valorarase a porcentaxe da subvención solicitada con respecto ao orzamento global do proxecto (co IVE, salvo no caso de ser deducible): ata 20 puntos*
 - 3.1. *O 75 % do orzamento: 5 puntos*
 - 3.2. *Entre o 50 % e o 74,99 % do orzamento: 10 puntos*
 - 3.3. *Entre o 25 % e o 49,99 % do orzamento: 15 puntos*
 - 3.4. *Menos do 25 % do orzamento: 20 puntos*
4. *Custo total do proxecto subvencionable (co IVE, salvo no caso de ser deducible): ata 30 puntos*
 - 4.1. *Ata 10.000,00 €: 4 puntos*
 - 4.2. *De 10.000,01 € a 15.000,00 €: 6 puntos*
 - 4.3. *De 15.000,01 € a 20.000,00 €: 8 puntos*
 - 4.4. *De 20.000,01 € a 30.000,00 €: 12 puntos*
 - 4.5. *De 30.000,01 € a 50.000,00 €: 15 puntos*
 - 4.6. *De 50.000,01 € a 90.000,00 €: 20 puntos*
 - 4.7. *Máis de 90.000,00 €: 30 puntos*

Rexeitaranse aquelas solicitudes que, na suma da súa valoración, non acaden un total de 50 puntos. Para o resto dos festivais a repartición proporcional dos importes efectuarase a partir dese valor mínimo establecido.

Décimo quinta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo cuarta, e no que se explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

A Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- *Presidencia: o deputado delegado da área de Cultura.*
- *Vogalía: dous técnicos ou técnicos do Servizo de Cultura e unba ou un do Servizo de Intervención.*
- *Secretaría: unba funcionaria ou funcionario do Servizo de Cultura, que actuará sen voto.*



BORRADOR

A Comisión de Valoración poderá:

- *Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención.*

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, de acordo co previsto no artigo 40 da LPACAP, e publicarase no BOPPO, segundo o establecido no artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra. Na resolución do procedemento por parte do órgano competente, de conformidade co disposto nestas bases reguladoras, deberán acreditarse os fundamentos da resolución que se adopte; o prazo máximo de resolución do procedemento será de seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar as persoas beneficiarias lexítimas para entender como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 22 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse cando non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto do acordo do órgano que a concedeu, logo do informe favorable da área de Intervención e da proposta previa da Comisión de Valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida danar os dereitos de terceiras persoas.*
- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo do informe previo do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*
- *A entidade beneficiaria ten a obriga de solicitarlle a esta institución provincial a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan terse en conta na xustificación, deberán ser previamente aceptadas polo organismo provincial. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas poderán minorar a subvención concedida ou revogala.*
- *Non se aceptarán modificacións que lles afecten aos requisitos esixidos para poder optar ás subvencións na base terceira desta convocatoria, nin as que modifiquen a puntuación acadada na valoración realizada no réxime de concorrencia competitiva.*

Décimo sétima. Xustificación

As entidades beneficiarias da subvención, logo da concesión, estarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se lles concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda rematará o 31 de xaneiro de 2027.



BORRADOR

A documentación xustificativa que figura a continuación presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo primeira:

- a. Memoria xustificativa, debidamente asinada, na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente no expediente, o que inclúe toda a programación paralela, para os efectos de comprobar que se cumpriron as condicións establecidas na solicitude de subvención.*
- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada factura indicáranse o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unidade.*
- c. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran nesa conta se aplicaron á finalidade para a que se conceden a axuda e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.*
- d. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida*
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. Os gastos non pagados ou pagados fóra deste prazo non se considerarán subvencionables.*
- f. As e os beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico sempre que non supere o importe de novecentos (900,00) euros. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.*
- g. Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, que inclúan o logotipo de Deputación de Pontevedra.*
- h. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, en caso contrario, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo total da finalidade subvencionada.*
- i. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán, no momento do pagamento, estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución.*

Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

En casos especiais debidamente xustificadas e logo do informe favorable da área de Intervención, establécese a posibilidade do pagamento anticipado de ata un máximo do 50 % da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.



BORRADOR*Décimo novena. Incumplimento*

Se vencese o prazo de xustificación sinalado na base décimo sétima sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

De non entregar a documentación neste prazo, perderase a subvención, coas demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, logo da tramitación do expediente de reintegro, nos seguintes casos:

- *Cando se obtivesen falseando as condicións requiridas.*
- *Se non se aplican aos fins para os que se concederon.*
- *Se as entidades beneficiarias incumpren as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co recollido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2026 e co establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDSN para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no Regulamento da LXS e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”



BORRADOR**4.36020.- BASES DO PROGRAMA “+MÚSICA” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA PROFESIONAL EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPT. 2026001124)****Antecedentes:**

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso e o fomento da cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas.

Segundo.- Correspóndelle á Deputación de Pontevedra a competencia para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial (art. 36.1 d) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), cuxo exercicio se traslada a través de diversas actuacións e programas que está a acometer a institución provincial en materia cultural que, á súa vez, están a servir como ferramentas de colaboración cos Concellos para o exercicio, pola súa banda da competencia que, en materia de promoción da cultura, lles atribúe o artigo 25 da citada norma.

Terceiro.- A Deputación apoia a programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra desde o ano 2010, configurándose como un instrumento útil para favorecer a programación cultural, así como para fomentar a creación de públicos e facilitar o acceso á cultura.

Con este obxecto e atendendo a que, a cultura é, en esencia, liberdade creativa, a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia deben favorecer o seu exercicio polos seus actores directos, os profesionais do sector, o que determina o interese público en implementar actuacións para dinamizar a actividade cultural do territorio e incentivar o turismo cultural da provincia, con propostas culturais de transcendencia supramunicipal que consoliden a música galega e en galego.

Cuarto.- O Programa +Música ten como finalidade contribuír á programación cultural dos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, a través da posta a disposición de actuacións musicais profesionais de grupos inscritos no Catálogo de grupos +Música, co obxectivo de contribuír na difusión e o fomento da cultura galega, promovendo a reputación da nosa provincia como destino cultural.

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e de Intervención de 26 de xaneiro de 2026 e CSV: 3CITMMFNWLAZT9AQ.

Fundamentos xurídicos e técnicos:**Primeiro.- Lexislación aplicable**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local



BORRADOR

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria 2026 do Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra e que figuran co CSV: 3LU8X6HL08AN3QIA e co seguinte teor:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular os criterios de concesión de solicitudes de actuación de grupos con cargo ao Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverán na provincia de Pontevedra durante o ano 2026.

Segunda. Finalidade

A finalidade do Programa +Música é contribuír á programación cultural dos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, a través da posta a disposición de actuacións musicais profesionais de grupos inscritos no Catálogo de grupos +Música, co obxectivo de contribuír na difusión e o fomento da cultura galega, promovendo a reputación da nosa provincia como destino cultural.



BORRADOR*Terceira. Dotación e imputación orzamentaria*

O programa +Música 2026 desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.226.30 por un importe total de 700.000 €.

Se o orzamento asignado para a presente convocatoria non fora suficiente para proceder á asignación directa das actuacións solicitadas como primeira opción, atenderase aos criterios automáticos de adxudicación previstos na base décimo terceira.

Cuarta. Réxime xurídico e principios de xestión

O procedemento establecido para a concesión das actuacións atenderá aos criterios establecidos na base décimo terceira. A proposta de concesión formularaa o órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a actuación, sen que sexa necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas.

A xestión da presente convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Quinta. Entidades destinatarias

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2025.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que concurra algunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como aquelas que de forma manifesta incumprisen algunha das condicións da cláusula décimo sétima.

Sexta. Alcance do programa

A través da presente convocatoria os concellos destinatarios poderán solicitar a autorización dun máximo de tres actuacións, a desenvolverse entre o 15 de abril e o 31 de decembro do 2026, de entre os grupos incluídos no Catálogo de grupos +Música da provincia de Pontevedra dispoñible no portal web da Deputación de Pontevedra <https://www.depo.gal/-/mais-musica>. As actuacións deberán estar dirixidas ao público en xeral e ser de entrada libre.

As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

- A Deputación de Pontevedra aboará o 100% do caché do espectáculo dos grupos ou artistas, previa tramitación do expediente de contratación correspondente.
- O concello aboará a produción das actuacións (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento).

Os concellos, como organizadores dos actos, deberanse poñer en contacto cos grupos ou artistas de interese, de entre os inscritos no Catálogo, para coñecer a súa dispoñibilidade para a data ou datas elixidas para as actuacións, así como coñecer as condicións e requisitos necesarios para a realización das actuacións.

Co obxectivo de asegurar o equilibrio e diversificación das actuacións de grupos ou artistas do Catálogo o número máximo de actuacións que poderá realizar un mesmo grupo ou artista, en cada convocatoria, será de catro. Nesta liña, ademais, as entidades solicitantes non poderán solicitar o mesmo grupo autorizado nas dúas últimas convocatorias de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra.

O programa informático realizará, de xeito automático, a comprobación e bloqueo das anteditas circunstancias no trámite de presentación de solicitudes.



BORRADOR*Sétima. Forma e lugar de presentación da solicitude de actuacións*

Os concellos interesados deberán presentar unha única solicitude na que deberán elixir a actuación de ata un máximo de tres grupos ou artistas con cargo ao Programa +Música 2026, por orde de preferencia, entre os dispoñíbles no Catálogo de grupos +Música da provincia de Pontevedra, segundo as seguintes opcións:

Opción 1: Unha soa actuación, se o grupo ou artista elixido como primeira opción ten un caché superior a 12.000,00 €. Neste caso o concello solicitante deberá seleccionar como segunda opción un grupo ou artista con caché inferior a 12.000,00 €.

Opción 2: Ata un máximo de tres actuacións, sempre que a suma dos cachés dos grupos ou artistas elixidos non superen o importe de 12.000,00 €

Os concellos interesados deberán indicar a data ou datas previamente acordadas co grupo ou grupos que se solicitan. No caso de elixir dúas ou tres actuacións estas poderán ser para unha mesma ou diferente data ou evento.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Ck@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes de actuacións

O prazo de presentación de solicitudes de actuacións por parte dos concellos interesados será desde o día 20 de febreiro de 2026 ata o 5 de marzo de 2026, os dous incluídos.

Novena. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar xunto coa solicitude a conformidade dos grupos que van a realizar a actuación para a data ou datas indicadas.

Décima. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> ou a través da URL <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



BORRADOR

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo segunda. Instrución do procedemento e avaliación de solicitudes

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Cultura da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, así como cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

Décimo terceira. Criterios de adxudicación das actuacións

En aplicación dos principios de eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos, así como o equilibrio e diversificación das actuacións de grupos ou artistas do Catálogo, as asignacións das actuacións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas en atención aos seguintes condicionantes:

- 1. A cada concello interesado concederáselle, como mínimo, unha actuación.*
- 2. O número máximo de actuacións que poderá realizar cada grupo ou artista será de catro.*
- 3. Os concellos solicitantes non poderán solicitar o mesmo grupo ou artista que lle autorizaran nas dúas últimas convocatorias do programa.*

A adxudicación das actuacións será directa, sempre que se cumpran os condicionantes indicados, nos seguintes supostos:

- No caso de que se solicite unha única actuación e o caché do grupo ou artista elixido como primeira opción non supere o importe de 12.000,00 €.*
- No caso de que se soliciten máis dunha actuación e a suma dos cachés dos grupos ou artistas non supere o importe de 12.000,00 €.*

No resto de supostos, para a concesión das actuacións, teranse en conta as solicitudes recibidas, dándolle prioridade á orde de rexistro de entrada e segundo a orde de preferencia elixida por cada concello. Para estes efectos, terase en conta a data e hora de presentación de solicitudes na sede electrónica da Deputación de Pontevedra ou, no caso de que a solicitude non estea completa, a data na que esta fose emendada.

Se o orzamento asignado para a presente convocatoria non fora suficiente para proceder á asignación directa das actuacións solicitadas como primeira opción a asignación atenderá á dispoñibilidade orzamentaria e adxudicarase segundo a orde de rexistro de recepción de solicitudes.

Así, os concellos que, en atención ao previsto no parágrafo anterior, non se lle puidera asignar o grupo seleccionado como primeira opción asignaráselle aquel solicitado en segunda opción, que deberá ser dun caché inferior a 12.000,00 € segundo o previsto na base sétima.

Décimo cuarta. Resolución da convocatoria

Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, ditará a proposta de resolución.



BORRADOR

Esta proposta de resolución será elevada á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da presentación das solicitudes.

A resolución da convocatoria poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

A resolución da adxudicación das actuacións publicárase na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e no portal web corporativo, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Décimo quinta. Publicidade do evento ou actuación

Co obxectivo de reformar a estratexia de difusión das actuacións autorizadas con fondos públicos, os concellos interesados deberán empregar o cartel do evento ou actuación que elaborará a Deputación de Pontevedra coa información facilitada polos concellos interesados na solicitude.

O cartel do evento ou actuación realizárase en formato PDF.

Con carácter anterior ao evento, o Servizo de Cultura enviará, ao correo electrónico indicado na solicitude polo concello, o cartel para a súa difusión nas súas canles propias ou de terceiros.

Décimo sexta. Obrigas dos concellos

As entidades ás que se lles autoricen actuacións con cargo ao Programa +Música están obrigadas a:

- *Levar a cabo a actividade obxecto da solicitude de actuación na data aprobada. No caso de que, por algunha causa imprevista, se produza un cambio de lugar ou de data da actuación aprobada, o concello interesado trasladaralle petición motivada do cambio ao Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra acompañado da conformidade do grupo.*
- *Obter os permisos necesarios para a realización da actuación.*
- *Contratar e aboar a produción necesaria para levar a cabo a actuación, que deberá axustarse ao rider técnico esixido polo grupo e publicado no Catálogo +Música da provincia de Pontevedra, así como cumprir coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.*
- *Para acreditar o pago da produción técnica os concellos deberán achegar o documento RC ou documento que acredite a existencia de consignación orzamentaria para facerse cargo da mesma que deberán presentar como mínimo quince días antes da actuación.*
- *Proporcionar un escenario homologado para levar a cabo a actuación.*
- *Realizar a publicidade das actuacións en lingua galega e empregando unha linguaxe non sexista, non discriminatoria e sen incitación ao odio ou á violencia, indicando expresamente nos distintos soportes publicitarios (carteis, cuñas radiofónicas, páxinas web, redes sociais...) a pertenza ao Programa +Música da Deputación de Pontevedra.*
- *Nas accións promocionais e nos materiais de difusión deberán utilizar o cartel elaborado pola Deputación, segundo o previsto na base décimo quinta. Así mesmo, deberá instalar a publicidade estática, facilitada pola Deputación de Pontevedra, nun lugar preferente do escenario onde se desenvolva a actuación.*
- *Aboar as tarifas xerais correspondentes á Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) ou entidades análogas correspondentes de protección de dereitos de autor, cando corresponda.*
- *Comprobar, antes do comezo da actuación, que as e os artistas membros dos grupos están dados de alta na Seguridade Social. Para efectuar esta comprobación o concello deberá esixir a presentación dos documentos de alta na Seguridade Social ou realizar as comprobacións de datos a través das plataformas de intermediación de datos habilitadas ao efecto.*
- *Aboar, no caso de que a actuación non se levara a cabo por causas imputables ao concello, o caché da actuación do grupo solicitado.*



BORRADOR

- *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento e inspección da Deputación de Pontevedra que terán como alcance, entre outras, as medidas previstas na base décimo novena.*
- *Conservar un exemplar de cada material promocional que forme parte da actuación financiada coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra durante un período de 1 ano para o suposto que se realicen actuacións de comprobación do cumprimento dos requisitos da convocatoria por parte do órgano concedente.*
- *Cubrir mediante unha póliza de seguro os riscos de accidentes e de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización da actuación.*
- *Cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias establecidas pola normativa vixente no momento de desenvolvemento da actuación.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra para a percepción de axudas públicas.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes.*
- *Facilitarlle ao grupo participante a acreditación de realización da actuación con cargo ao Programa +Música 2026.*
- *Salvo casos de forza maior, no caso de que o concello renunciase á actuación autorizada será penalizado e non poderá participar neste programa na seguinte edición. Ademais, deberá aboar a contía económica derivada da responsabilidade patrimonial que lle corresponda.*

Décimo sétima. Obrigas dos grupos ou artistas

Os grupos ou artistas do Catálogo +Música da provincia de Pontevedra que realicen actuacións con cargo ao Programa + Música estarán obrigadas a:

- *Realizar as actuacións nos lugares e datas previstas.*
- *Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (instrumentos, equipos de son...).*
- *Entregarlles ás persoas responsables da programación dos concellos, antes do comezo das actuacións, copias dos documentos de alta na Seguridade Social das e dos profesionais que participan no espectáculo.*
- *Aboar os gastos de transporte e dos seguros do equipo de actuación e do material, os gastos de persoal, de impostos e de seguridade social.*
- *Expedir facturas legais polas actuacións realizadas.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento e inspección da Deputación de Pontevedra que terán como alcance, entre outras, as medidas previstas na base décimo novena.*

Décimo oitava. Actuacións de comprobación, seguimento e inspección

A Deputación de Pontevedra poderá comprobar, en calquera momento, o cumprimento das obrigas previstas nas presentes bases, así como realizar calquera outra acción de comprobación que poidan realizar os órganos de control competentes para controlar o cumprimento dos obxectivos do presente programa.

A Deputación de Pontevedra, polos medios que considere oportunos, poderá realizar en calquera momento visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas.

Ademais, para evitar os efectos distorsionadores do mercado poderá requirir aos concellos beneficiarios, entre outras, a proba documental de pagamento dos costes de produción da actuación ou o cumprimento das medidas de publicidade de procedencia dos fondos.

Nesta liña, a Deputación poderá solicitar, ademais, aos grupos incluídos no Catálogo +Música da provincia de Pontevedra a presentación de contratos con outras entidades aos efectos de comprobación do caché, comprobación de repertorio, etc.).



BORRADOR

No caso de que os concellos beneficiarios do Programa +Música incumprisen algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Deputación de Pontevedra instruirá o correspondente expediente sancionador que poderá concluír, entre outras medidas, a de impedir a participación dos concellos incumpridores en futuras convocatorias do Programa +Música.

No caso de que o grupo ou artista incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, ou non levase a cabo a actuación por causas alleas á entidade organizadora, a Deputación de Pontevedra instruirá o correspondente expediente sancionador encamiñado a realizar as correccións necesarias no Catálogo +Música da provincia de Pontevedra, incluída a baixa de oficio de grupos do Catálogo, para a boa execución do programa, así como a imposición de penalidades ou á indemnización de danos e prexuízos, segundo o previsto na lexislación en materia de contratos do sector público e nos pregos de condicións respectivos.

Décimo novena. Xustificación e pagamento

A Deputación de Pontevedra aboaralle ao grupo ou artista o importe correspondente ao custo do espectáculo da actuación mediante transferencia bancaria unha vez realizada a actuación e presentada a correspondente factura, que deberá reunir os requisitos legais establecidos, xunto coa acreditación por parte do concello da realización desta.

As facturas presentaranse en formato electrónico a través do Punto xeral de facturas electrónicas, accesible a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, para que o órgano administrativo ao que lle corresponda proceda á súa tramitación.

Os códigos DIR 3 que se especificarán nas correspondentes facturas electrónicas son os seguintes:

Órgano xestor: LA0006114; Unidade tramitadora: LA0006135; Oficina contable: LA0006135.

Se xunto coa factura a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegándoos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Aceptación das bases e exención de responsabilidade derivada da execución das actividades

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

A Deputación de Pontevedra quedará eximida de calquera responsabilidade derivada da execución das actividades que se desenvolvan ao abeiro da presente convocatoria.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público en xeral dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”



BORRADOR

5.36021.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE TOMIÑO RELATIVO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOLÁN DENDE O PQ 3+600 ATA O PQ 4+542. TREITO III (CONCELLO DE TOMIÑO)”. (EXPT. 2023036133)

Antecedentes.**1. Proxecto.**

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-3303.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 3+600 ata o PQ 4+542. Treito III (Concello de Tomiño)”, no termo municipal de Tomiño

A proposta de actuación pretende dar solución a problemas existente, así como satisfacer necesidades da propia estado, das súas infraestruturas e do seu entorno.

Coa presente intervención preténdese contribuír a redución de emisións GEI, fomentado o uso do transporte limpo, ciclista e peonil.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	587.862,88 €
IVE 21%	123.451,20 €
Presuposto base de licitación con IVE	711.314,08 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado da Xunta de Goberno local coa aprobación do Convenio polo Concello (CSV:9CC9JAJDLXS7GWZYXETYTT6TG).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- Proxecto co CSV: G45O7W3R6M32KJYJ



BORRADOR

- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 12/12/2023 co (CSV:C1B9UAPRWFN2F5EW)
- Informe supervisión do proxecto data 12/12/2023 (CSV: DUBHOQNYZH8MPUO7).
- Texto convenio data 07/03/2025 (CSV: S22FB5ZFDCQHV4GI) aprobado polo Concello.
- Informe de Secretaría Xeral 15/07/2025 (CSV: RKGAS0GU07X71QZV)
- Informe de Intervención data 13/08/2025 (CSV: 11FGOK9K2Y5RTFJF)

Consideracións.**1ª Normativa aplicable.**

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.



BORRADOR

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.

- d) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- e) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- f) O réxime de modificación.
- g) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- h) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Tomiño mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	569.051,26 €	80
Concello de Tomiño	142.262,82 €	20
Total obras	711.314,08 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega do Concello de Tomiño será de 142.262,82 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

Por dita achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerarase crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



BORRADOR

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuita de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño CSV: S22FB5ZFDCQHV4GI e o seguinte contido:



BORRADOR

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOIÁN, DENDE O PQ 3+600 ATA O PQ 4+542. TREITO III (CONCELLO DE TOMIÑO)

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Sandra González Álvarez, alcaldesa do Concello de Tomiño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, cumprindo co deber de asistencia que lles debe prestar segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 3303 Tabagón - Goián que ten unha lonxitude total de 4.542 metros e, a partir do punto quilométrico 3+600, transcorre polo concello de Tomiño.



BORRADOR

VI. Que xa se executou a mellora do treito inicial da EP 3303 Tabagón - Goián, entre o inicio da estrada e o punto quilométrico 3+600, no Concello do Rosal. O treito final, entre os puntos quilométricos 3+600 e 4+542 (xa no Concello de Tomiño), ten unhas características construtivas vinculadas ao uso de vehículos a motor, imposibilitando que os peóns poidan desprazarse con plenas condicións de seguridade. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra redactou o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón - Goián dende o P.Q. 3+600 ata o P.Q. 4+542. Treito III (Concello de Tomiño)*”, co cal se pretende mellorar a comunicación peonil entre os núcleos de Tabagón e Goián, dando continuidade aos treitos I e II. A actuación no seu conxunto potencia o emprego de medios de transporte alternativos aos vehículos a motor a través da xeración dun itinerario seguro, cómodo, accesible e atractivo para peóns e ciclistas, contribuíndo deste xeito ao fomento da mobilidade sostible e da vida rural.

VII.- O proxecto resólvese coa modificación da sección da estrada e a creación dun carril peonil e ciclista entre os puntos quilométricos 3+600 e 4+446. No treito de actuación que conta con características máis urbanas e o grao de consolidación da edificación non deixa espazo suficiente para a separación de usos, executarase unha zona de convivencia entre os distintos tipos de mobilidades, con prioridade peonil. Ademais, instalaranse redutores de velocidade, renovarase a rede de drenaxe existente e executarase a canalización soterrada para a renovación da rede de alumeadado.

VIII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS**Primeira.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 3+600 ata o PQ 4+542. Treito III*”.

O obxecto principal do proxecto é a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil accesible no treito da EP 3303 que transcorre polo Concello de Tomiño

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cincocentos oitenta e sete mil oitocentos sesenta e dous euros con oitenta e oito céntimos (587.862,88 €), máis cento vinte e tres mil catrocentos cincuenta e un euros con vinte céntimos (123.451,20 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de setecentos once mil trescentos catorce euros con oito céntimos (711.314,08 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	569.051,26 €	80
Concello de Tomiño	142.262,82 €	20
TOTAL OBRAS	711.314,08 €	100



BORRADOR

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega do Concello de Tomiño será de 142.262,82 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e que produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Tomiño obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fai referencia o apartado 2.
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.
- 2) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción das obras.



BORRADOR

- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 4) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Tomiño faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes. En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia



BORRADOR

- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025. - E demais normativa de obrigado cumprimento

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

6.36022.- AMPLIACIÓN DA BOLSA DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2024 (6ª, 7ª E 8ª MOBILIDADE). (EXPTE. 2023073909)

A Deputación de Pontevedra conta coa acreditación Erasmus+, válida no ámbito da educación e a Formación Profesional para o período 2021-2027, que a habilita para presentar solicitudes como entidade coordinadora de consorcio de mobilidades.

Neste sentido, e unha vez aberta a convocatoria de propostas 2024 (EAC/A07/2023) do Programa Erasmus+ (Diario Oficial da Unión Europea núm. C/2023/1262 do 28 de novembro de 2023) a Deputación de Pontevedra procedeu á tramitación da formación do consorcio de mobilidade. E, mediante Resolución Presidencial número RP2024001123 de data 7 de febreiro de 2024 aprobouse a adhesión de centros educativos de FP da provincia ao consorcio de mobilidade para a presentación á convocatoria citada.

O 19 de febreiro de 2024 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”. E, o 19 de xullo de 2024 a Dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2024, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 691.235,00 €.

A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión ordinaria do día 23 de agosto de 2024 adopta, entre outros, o acordo de aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2024 do programa Erasmus+.



BORRADOR

Con data 12 de setembro de 2024 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas. O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2024 ata ao 31 de agosto de 2025. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso de dereito inherente a todos os beneficiarios. O 13 de xuño de 2025 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio do 2026.

As actividades subvencionables que se inclúen no proxecto son as de longa duración de estudantes de FP e de aprendizaxe por observación para persoal docente e non docente.

En relación á actividade de longa duración para titulados, e de acordo co Plan Erasmus da Deputación de Pontevedra, en cada un dos centros de Formación Profesional constitúíuse un comité de mobilidade e comisión de valoración que se encargarán da selección do alumnado, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas preferentes. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, as persoas participantes distribúense en varias quendas por data de saída. Ata o momento, concedéronse axudas á mobilidade a 97 persoas agrupadas en 11 quendas.

A cláusula 3.3 do convenio de subvención Erasmus+ para estudantes e persoal de Formación Profesional formalizado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes do proxecto establece que estas poderán enviar unha solicitude de ampliación da duración do seu período de mobilidade ata a duración máxima establecida no Programa Erasmus (365 días).

En base ao anterior recibíronse solicitudes de ampliación da duración das seguintes mobilidades:

- 6ª mobilidade, concedida por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025 (expediente 2023073909) por importe de 238.167,00 €.
- 7ª mobilidade, concedida por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2025 (expediente 2023073909) por importe de 145.223,00 €.
- 8ª mobilidade, concedida por Resolución Presidencial con número RP2025008529 con data 22 de outubro de 2025 (expediente 2023073909) por importe de 15.993,00 €.

Conforme ao anterior procede a súa tramitación, para o cumprimento dos obxectivos do proxecto segundo o detalle establecido a continuación:

Ampliacións 6ª mobilidade						
Núm. expediente	Participante	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
2026002453	AIME RAYEN TEMIS BARRUTIA	FRANCIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €



BORRADOR

Ampliacións 6ª mobilidade						
Núm. expediente	Participante	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
2026002473	AINARA SAINZA DOCAMPO	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002510	ANA PEREIRA VOGT	ITALIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002512	CHIARA PISTONE PADÍN	ITALIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002513	ENRIQUE PINILLA RODRIGUEZ	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002516	FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PÉREZ	ITALIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002518	MIROSLAVA SILVA BRAMBILA	FRANCIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002520	NEREA FERNANDEZ PEREZ	FRANCIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002524	OLGA ESTEVEZ VALVERDE	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002529	RAQUEL LEIROS FERNANDEZ	FRANCIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002534	RODRIGO OUTEIRAL PÉREZ	IRLANDA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002538	UNAI LESTAYO BUGALLO	IRLANDA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002559	YAGO RODRIGUEZ MUÑIZ	ITALIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
Ampliacións 7ª mobilidade						
Núm. expediente	Participante	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
2026002568	ABEL RODRIGUEZ GONZÁLEZ	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €



BORRADOR

Ampliacións 6ª mobilidade						
Núm. expediente	Participante	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
2026002570	ALBA RODRIGUEZ PAZOS	MALTA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002580	ALEJANDRO REA PÉREZ	ITALIA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002588	DAWIT COMESAÑA PÉREZ	MALTA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002608	FERNANDO SANTALLA QUIROGA	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002611	JEAN PAUL MARTÍNEZ GALLEGO	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002617	KEVIN ANDRÉS BETANCOURTH MALDONADO	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002612	LUCIA FERNÁNDEZ MAQUIEIRA	IRLANDA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.401,00 €
2026002616	MIRIAM ASTRID ABAL GÓMEZ	PORTUGAL	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
2026002615	XOEL RAMALLO JURADO	MALTA	22/02/2026	11/04/2026	49	2.107,00 €
Ampliación 8ª mobilidade						
Núm. expediente	Participante	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
2026002620	NICOLAS VISO MANCEBO	PORTUGAL	15/03/2026	09/05/2026	56	2.408,00 €

A guía do Programa Erasmus+ 2024 establece que a duración das mobilidades de longa duración de estudantes de FP será mínimo de 90 días e non poderá superar os 365 días. Engádesse 1 día para a viaxe de ida e 1 día para a viaxe de volta que se inclúen no cálculo da partida de Apoio Individual.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino e da distancia. Para o cálculo da contía correspondente, seguindo as directrices do programa, úsase a plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+.



BORRADOR

Esta axuda financeira queda vinculada ao cumprimento dos obxectivos do programa recollidos no convenio de subvención Erasmus+ asinado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes e de destinala aos fins que se determinan no mesmo. A dita axuda ou parte dela será reembolsada á Deputación se a persoa participante non cumpre coas súas obrigas de acordo ao establecido no convenio asinado entre as partes e a normativa aplicable.

O apartado 1º da cláusula 5 (modalidades de pago) do citado convenio establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación equivalente ao 100%, no caso das ampliacións, do importe especificado na cláusula 3.

Con posterioridade á concesión da axuda de mobilidade, Idalia Elizabeth Muñoz López (NIE: ***5224**), participante da 7ª mobilidade do proxecto Erasmus+ 2024, presenta a súa renuncia á realización da mobilidade (expediente 2025058120).

Núm. expediente	Persoa beneficiaria	Destino	Data de inicio (incluída viaxe)	Data de fin (incluída viaxe)	Total días	Axuda viaxe	Axuda individual	Total axuda
2025058120	IDALIA ELIZABETH MÚÑOZ LÓPEZ	IRLANDA	12/10/2025	21/02/2026	133	309,00 €	6.811,00 €	7.120,00 €

Visto o informe de data 25 de xaneiro de 2026 da adxunta á Xefatura de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, actuando por delegación do xefe de servizo (RP nº RP2024003234 de data 22/04/2024), proponendo a ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2024 (6ª, 7ª e 8ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo.

Con data 28 de xaneiro de 2026 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2024 (6ª, 7ª e 8ª mobilidade).

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2024 (6ª, 7ª e 8ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade.
- Autorizar e comprometer o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/240.2425.481.01.2025 e 26/240.2425.481.01 do proxecto de gasto cód. 2400007_Erasmus+ 2024 polo importe máximo de 54.397,00 € a favor do alumnado na contía que se relaciona no Anexo.
- Aceptar a renuncia presentada por Idalia Elizabeth Muñoz López (NIE: ***5224**), participante da 7ª mobilidade do proxecto Erasmus+ 2024 e liberar o crédito por importe de 7.120,00 € correspondente á axuda concedida.
- Notificar ás partes interesadas.



BORRADOR

7.36023.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CAMISETAS, PANTALÓNS CORTOS, SUDADERAS E CHALECOS PARA O PROGRAMA "O NOSO CLUBE". (EXPTE. 2025075874)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa “O noso club”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28/11/2025. Na mesma data, publicáanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26 de decembro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras e a continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas. Asimismo a Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario da Mesa de contratación para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Resultando.- Que unha vez realizado o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que a proposta dos licitadores ALONSO DISTRIBUCIONES 2012 SL (CIF B-39.755.764), Eurocebrían SL (CIF B97199806) e Kauri Sport Wear SL (CIF B98828262), para o lote nº1, e a proposta da empresa licitadora Lalizas España SL (CIF B11396298), para o lote nº2, presentan valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo total ofertado, polo que se lles require para que xustifiquen as súas ofertas, mediante instancia xenérica a través da sede electrónica da deputación de Pontevedra. Asimesmo obsérvase que o prezo total ofertado polo empresario Fernando Gómez Ruiz (NIF78492246P) ao lote nº2 é superior ao prezo de licitación de dito lote.

Resultando.- Que as empresas ALONSO DISTRIBUCIONES 2012 SL (CIF B-39.755.764), Eurocebrían SL (CIF B97199806) e Kauri Sport Wear SL (CIF B98828262) para o lote nº 1 e a empresa Lalizas España SL (CIF B11396298) para lo lote nº2 presentaron a xustificación requerida sendo as mesmas trasladadas ao persoal técnico do servizo de deportes para a súa valoración.



BORRADOR

Resultando .- Que pola Xefa do Servizo de Deportes emítese informe con (CSV BYPE3VFL2ZADTHV5) no que se conclúe o seguinte: “...*considérase suficiente e razoada a xustificación realizada polas empresas: Kauri Sport Wear SL (CIF B98828262), Eurocebrian SL (CIF B97199806) e Lalizas España SL (CIF B11396298). Con respecto a xustificación efectuada pola empresa ALONSO DISTRIBUCIONES 2012 SL (CIF B-39.755.764) indícase que a oferta non se considera debidamente xustificada*”

Resultando.- Que a continuación procédese a valoración das ofertas admitidas, de conformidade cos criterios de valoración automática previstos no prego administrativo, sendo as puntuacións totais finais as que constan no informe emitido polo servizo de Contratación con (CSV: M4F0CNDROXXZXK4B).

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 8 de xaneiro de 2026, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das empresas ALONSO DISTRIBUCIONES 2012 SL (CIF B-39.755.764) ao lote nº1 por non considerar xustificadas os valores desproporcionados da súa oferta, ao non acreditar suficientemente a súa viabilidade técnica e económica e a oferta presentada polo empresario Fernando Gómez Ruiz (NIF78492246P) ao lote nº2 por ofertar un prezo superior ao prezo de licitación e asimesmo acordou clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor das seguintes empresas:

Lote 1.- Eurocebrian SL (CIF B97199806)

Lote 2.- Lalizas España SL (CIF B11396298)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2026000047, de 12/01/2026 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás empresas Eurocebrian SL (CIF B97199806) e Lalizas España SL (CIF B11396298), . que presentaron a mellor oferta aos respectivos lotes , cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presenten a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que as empresas Eurocebrian SL (CIF B97199806) e Lalizas España SL (CIF B11396298) presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2026004925 e REX_WEB2026004980, respectivamente) , cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitiva s de acordo co seguinte detalle:

-Eurocebrian (Lote 1) polo importe de 2.956,80 € (carta de pago núm. operación 12026000017680, do 22/01/2026).

-Lalizas España SL (Lote 2) polo importe de 500,00 € (carta de pago núm. operación 12026000020004, do 28/01/2026).

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de



BORRADOR

adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Que ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación da subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa “O noso club”, ás seguintes empresas:

-A oferta presentada pola empresa ALONSO DISTRIBUCIONES 2012 SL (CIF B-39.755.764) ao lote nº1 pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos polo que se presume que non poida cumprir satisfactoriamente o contrato.

-A oferta presentada polo empresario Fernando Gómez Ruiz (NIF78492246P) ao lote nº 2 por ofertar un prezo superior ao prezo de licitación

2.- Autorizar o gasto por importe de 83.654,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 2026/340.3410.221.21, do vixente orzamento provincial.

3.- Adxudicar o contrato para a subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa “O noso club” as empresas que a continuación se detallan polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Lote 1.- (Camisetas, pantalóns cortos e sudaderas) a empresa Eurocebrian SL (CIF B97199806) polo seguinte importe:

Prezo total sen IVE59.136,00 €

IVE(21 %)12.418,56 €

Prezo total (IVE engadido):71.554,56 €

Lote.- (Chalecos salvavidas) a empresa Lalizas España SL (CIF B11396298), polo seguinte importe:

Prezo total sen IVE10.000,00 €

IVE(21 %)2.100,00 €

Prezo total (IVE engadido):12.100,00 €

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2026 financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 26/340.3410.221.21 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: O pago farase nunha única factura (para cada un dos lotes), unha vez entregado todo o material, acompañado pola correspondente acta de entrega asinada polo/a responsable do contrato.



BORRADOR

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de expte.:	2025075874	
Órgano xestor:	LA0006118	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: a Xefa do Servizo de Deportes.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

8.36024.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 5-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025043468)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/07/2025, acordou adxudicar o Contrato derivado LOTE 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra" á empresa CONSTRUCCIONES E.C CASAS SL (CIF B36147429) por importe de 724.406,32 € IVE engadido, e con un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 29/07/2025 formalizouse entre o contratista e a directora da obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/01/2026.



BORRADOR

Resultando.- Que con data 22/01/2026 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre SETE (7) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...Debido ás choivas persistentes que imposibilitan o estendido de mesturas bituminosas en quente, vémonos obrigados a realizar a suspensión da obra ata que poidamos asegurar unhas condicións meteorolóxicas axeitadas que garantan a correcta execución dos traballos pendentes...”

Resultando.- Que recolle a acta unha porcentaxe de obra executada do 76,08 % e unidades de obra pendentes de executar por un importe de 173.243,84 euros.

Resultando.- Consta no expediente con CSV: BMKTAC3QPP07IPU0, informe emitido polo xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para continuar coa a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que están pendentes de executar. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climáticas axeitadas para executar as unidades pendentes. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre SETE (7) DIAS para a finalización do prazo de execución.*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...*dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...*se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender totalmente a execución do Contrato derivado LOTE 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, con efectos dende o 22/01/2026.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e a directora de obra acta de reinicio, quedando nese intre SETE (7) DIAS, para finalizar a obra.



BORRADOR**9.36025.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN CONTRATO DERIVADO LOTE 4-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025046027)**

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/07/2025, acordou adxudicar o Contrato derivado LOTE 4-2025 do Acordo marco de “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886) por importe de 873.693,17 € IVE incluído, e con un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 29/08/2025 formalizouse entre o contratista e a directora da obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 01/03/2026.

Resultando.- Que con data 27/01/2026 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre TRINTA E TRES (33) días para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...Debido ás choivas persistentes que imposibilitan o estendido de mesturas bituminosas en quente, vémonos obrigados a realizar a suspensión da obra ata que poidamos asegurar unhas condicións meteorolóxicas axeitadas que garantan a correcta execución dos traballos pendentes...”

Recole a acta unha porcentaxe de obra executada do 60,90% e unidades de obra pendentes de executar por un importe de 341.605,21 euros. Coa acta xúntase a medición de obra executada.

Resultando.- Consta no expediente con CSV: 070N8EFM62GBUFSL, informe emitido polo xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para continuar coa a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que están pendentes de executar. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climáticas axeitadas para executar as unidades pendentes. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre TRINTA E TRES (33) DÍAS para a finalización do prazo de execución..”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”



BORRADOR

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspende totalmente a execución do Contrato derivado LOTE 4-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, con efectos dende o 27/01/2026

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e a directora de obra acta de reinicio, quedando nese intre TRINTA E TRES (33) DIAS, para finalizar a obra.

10.36026.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 4 DO CONTRATO "SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2024002812)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril de 2024, acordou a adxudicación do contrato “servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra” á empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842) polos seguintes prezos:

Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (sen IVE)	1.698.776,70 €
IVE (21%)	356.743,11 €
Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (IVE engadido)	2.055.519,81 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de maio de 2024, fixando un prazo de duración de tres anos, con efectos desde o día 22 de maio de 2024 ata o 21 de maio de 2027, con posibilidade dunha prórroga anual.



BORRADOR

Resultando.- Que ata a data, o contrato “*servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*” foi obxecto de tres modificacións: a primeira para a adhesión do concello de Vilanova de Arousa, a segunda para a incorporación do concello de Ribadumia e a terceira para a incorporación do concello de Marín ao “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica*”.

Resultando.- Que a primeira modificación foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 4 de abril de 2025, a cal supuxo un incremento do prezo mensual de 1.410,82 € (IVE engadido), resultando o prezo do contrato modificado en 2.091.764,29 € (IVE engadido).

A aprobación da segunda modificación, adoptada por acordo Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 16 de maio de 2025, supuxo un incremento do prezo mensual de 785,47 € (IVE engadido).

E a terceira modificación foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 22 de agosto de 2025, a cal supuxo un incremento do prezo mensual de 2.051,19 € (IVE engadido), resultando o prezo do contrato modificado en 2.144.302,24 € (IVE engadido).

Os contratos modificados formalizáronse en documento administrativo, de data 28 de abril, 9 de xuño e 10 de xullo de 2025, respectivamente.

Resultando.-Que con data 29 de setembro de 2025, entidade local menor de Pazos de Reis manifesta o seu interese na adhesión ao “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica*”, asinado en data 16 de xullo de 2025.

Resultando.-Que con data 16 de decembro de 2025, o responsable do contrato, xunto co deputado delegado da Área de Novas Tecnoloxías e Contratación, propón a modificación do contrato para a incorporación da entidade local menor de Pazos de Reis.

A contía anual da modificación proposta, tendo en conta o custo estimado de incorporar á devandita entidade local menor, estímase en 2.440,28 € (1.760,28 €, máis 680,00 € correspondentes ao 21% de IVE). Deste xeito, considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de xaneiro de 2026 e ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

Resultando.- Que consta no expediente o documento RCFUT número 12025000253945, polo importe de 1.760,28 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.227.06 e documento RCFUT número 12025000253947, polo importe 680,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 27/926.9260.227.06 do orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente o informe do Xefe de servizo de Contratación con data 19 de xaneiro de 2026 (CSV: KGLJ1TE2NEEH98NC), e dilixencia (CSV: DGBW97TQ7H7CVY44), no que se conclúe o seguinte:

“A vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos, e especialmente do informe do responsable do contrato, pódese concluír que a incorporación da entidade local menor de Pazos de Reis, constitúe unha modificación por necesidade, derivada de circunstancias



BORRADOR

sobreviñidas e imprevisibles no momento de licitación do contrato, ao abeiro do artigo 205 da LCSP, por canto: que a necesidade da modificación deriva de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever, que a modificación non altera a natureza global do contrato e non implica unha alteración que supera o 50 por cento do prezo inicial sen IVE.

En consecuencia, informase favorablemente a súa aprobación, condicionada a e emisión dos informes preceptivos de Secretaría e Intervención (DA 2ª LCSP e RD 128/2018). A modificación producirá efectos dende o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (art. 206 LCSP).”.

Resultando.- Que con data 20 de xaneiro de 2026, a Secretaría Xeral mostra a súa conformidade co informe emitido polo servizo de Contratación.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización, con data 27 DE xaneiro de 2026 e CSV: XRJQ5FYVLAC52X8M.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Segundo o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares só poderán realizarse conforme ao establecido no artigo 205 LCSP, que establece os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Polo que respecta ao primeiro, a modificación considérase xustificada por un dos supostos contemplados no apartado 2 deste artigo, concretamente o referido na letra b, que a permite cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívese de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, as condicións de que se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1.º Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.

Neste sentido, a tenor do recollido no informe emitido polo xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, xustifica como segue:

“(…) neste caso non estaba previsto que a Entidade local menor de Pazos de Reis (Tui) solicitase a adhesión ao “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica” xa que



BORRADOR

dispoñía do servizo contratado cun terceiro. A circunstancia é de aforro de custes xa que aforrarían ca adhesión máis dun 80% recibindo a mesma calidade de servizo debido que o terceiro prestatario do servizo é o mesmo en ambas institucións.(...)”

2º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

Neste sentido, a natureza do contrato segue sendo a mesma: a prestación de servizos de administración electrónica. Conforme á doutrina da STJUE de 16 de outubro de 2025, asunto C-282/24, a «alteración da natureza global» é un concepto distinto e máis cualificado que o de «modificación substancial», quedando reservado para supostos nos que a modificación implique un cambio fundamental do obxecto ou do tipo de prestacións ou unha transformación estrutural/cualitativa do equilibrio económico que desvirtúe a esencia do contrato.

Aplicando este criterio ao presente expediente, a incorporación da entidade local menor de Pazos de Reis non introduce prestacións novas nin redefine o obxecto contractual, senón que reordena o despregamento territorial, mantendo incólumes as prestacións nucleares e a lóxica retributiva pactada. En consecuencia, á luz da citada xurisprudencia europea e dos artigos 204 e 205 da LCSP, non se aprecia unha transformación global do contrato nin unha alteración estrutural do seu equilibrio en favor do adxudicatario que esixa un novo procedemento de adxudicación, sen prexuízo da obrigatoria tramitación e publicidade da modificación nos termos legalmente previstos.

3º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, aislada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme ó artigo 205 da LCSP, do 50 por cento do seu prezo inicial IVE excluído.

O importe de modificación, incluídos os importes das modificacións anteriores previstas, non excede do 50% do importe inicial do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Considerando.- Que a modificación deberá tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP, formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria, deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 4 do contrato de “*servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*”, subscrito coa empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842), para a incorporación da entidade



BORRADOR

local menor de Pazos de Reis á execución do contrato. Considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de xaneiro de 2026 e ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente. A modificación supón un incremento no prezo mensual de 146,69 € (IVE engadido), sendo o importe mensual trala modificación de 61.491,94 € (IVE engadido).

O prezo do contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

Prezo modificado (sen IVE)	1.774.167,37 €
IVE (21%)	372.575,15 €
Prezo modificado (IVE engadido)	2.146.742,52 €

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 2.440,28 euros (IVE engadido), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260.227.06	1.760,28 €
2027 (01/01 ao 21/05)	27/926.9260.227.06	680,00 €
TOTAL		2.440,28 €

En todo caso, os gastos que se deriven da presente modificación para os exercicios 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento provincial e a existencia de crédito adecuado e suficiente en ditas aplicacións.

Asemade, dado que o “*convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a entidade local menor de Pazos de Reis para a prestación de servizos de administración electrónica*” remata o 10 de marzo de 2027, a modificación do contrato para o período comprendido entre o 11 de marzo e o 21 de maio de 2027, quedará condicionada á sinatura por parte da entidade local menor de Pazos de Reis, da I addenda ao convenio, cuxo fin será a ampliación da vixencia do mesmo, o cal é fundamental para seguir prestando o servizo obxecto do contrato. O cadro de financiamento previsto poderá sufrir variacións en función da data efectiva de inicio da implantación do servizo na entidade local menor de Pazos de Reis.

3.- Requirir a empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 88.607,54 euros a un importe de 88.708,71 euros).

11.36027.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA CONTRATAR UNIDADES ADICIONAIS NOS LOTES 2, 3, 4 E 6. (EXPTE. 2022058142)

Resultando.- Que na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou, entre outros, os lotes 2, 3, 4 e 6 do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe” ás seguintes empresas:



BORRADOR

LOTE	EMPRESAS
LOTE 2	Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y)
LOTE 3	Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421)
LOTE 4	Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y)
LOTE 6	Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083)

Os importes de adxudicación, tanto mensuais como anuais, para cada lote foron os seguintes:

Lote	Importe sen IVE (mensual)	IVE (4% ou 10% en virtude do produto)	Importe con IVE (mensual)
Lote 2	1.775,68 €	147,33 €	1.923,01 €
Lote 3	5.534,43 €	531,16 €	6.065,59 €
Lote 4	8.895,35 €	880,01 €	9.775,36 €
Lote 6	3.017,95 €	230,95 €	3.248,90 €
Lote	Importe sen IVE (anual)	IVE (4% ou 10% en virtude do produto)	Importe con IVE (anual)
Lote 2	21.308,16 €	1.767,94 €	23.076,10 €
Lote 3	66.413,10 €	6.373,92 €	72.787,02 €
Lote 4	106.744,20 €	10.560,12 €	117.304,32 €
Lote 6	36.215,40 €	2.771,40 €	38.986,80 €

Resultando.- Que os contratos foron formalizados en documentos administrativos de data 20 de xuño de 2023 para os lotes 2, 4 e 6, e o 22 de xuño de 2023 para o lote 3, cun prazo de duración de 1 ano, comezando o 1 de xullo de 2023, e con posibilidade de dúas prórrogas anuais.

Resultando.- Que na sesión ordinaria celebrada o 3 de maio de 2024, a Xunta de Goberno aprobou a primeira modificación do contrato de subministración para incorporar unidades adicionais no lote 5.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, en sesión do 7 de xuño de 2024, aprobou a primeira prórroga do contrato, e na sesión do 23 de maio de 2025, aprobou a segunda prórroga.

Resultando.- Que con data do 19 de xaneiro de 2026, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, xunto co Deputado Delegado do Centro, emiten informe (CSV: KB6XDOVINB8SNG4Y) no que se propón modificar os lotes 2, 3, 4 e 6 do contrato debido ao incremento no número de comensais diarios no servizo de comedor, provocando un aumento no consumo de alimentos. Este incremento débese principalmente á sinatura dun novo convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Consellería de Política Social e Igualdade para a atención de menores na "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", e en menor medida ao aumento de comensais procedentes do Colexio de Educación Especial Pontevedra, no marco do acordo de colaboración asinada coa Institución Provincial.



BORRADOR

Resultando.- Que consta no expediente a conformidade expresa das empresas contratistas respecto das modificacións do contrato propostas:

LOTE	EMPRESA	NÚMERO DE REXISTRO	CSV
LOTE 2	Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y)	WEB2026003696	V24ZFN9YKU1UC5PI
LOTE 3	Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421)	WEB2026004134	DWFLORSFRBTVMMIZ
LOTE 4	Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y)	WEB2026003697	V3D23RN4SS8S0UY1
LOTE 6	Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083)	WEB2026003643	UZF2DDRFFUS2QZH1

Resultando.-Que no expediente constan os seguintes documentos RC, garantindo a existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 232.2312.221.05 para atender ás obrigas económicas derivadas das modificacións proposta:

LOTE	Nº DOCUMENTO RC	DATA	IMPORTE
LOTE 2	12026000016531	21/01/2026	1.917,35 €
LOTE 3	12026000016539	21/01/2026	6.061,35 €
LOTE 4	12026000016542	21/01/2026	9.773,00 €
LOTE 6	12026000016546	21/01/2026	3.247,05 €

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, con data 23/01/2026 (CSV: 3CD28W3J6Y30KTE2), o cal foi conformado pola Secretaría Xeral en data 26/01/2026, no que resolve que:

“Trátase dun contrato de subministración de tracto sucesivo por prezo unitario, no que o prego de cláusulas administrativas particulares non contempla a posibilidade de incrementar o número de unidades inicialmente estimadas sen a previa tramitación do correspondente expediente de modificación, de conformidade co disposto no artigo 301.2 e na disposición adicional trixésimo terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Neste contexto, o incremento dos consumos mensuais inicialmente previstos, derivado do aumento do número de comensais do comedor do Centro Príncipe Felipe, determina a necesidade de tramitar unha modificación contractual, de acordo co previsto no apartado 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, en relación co artigo 204 da LCSP.

Á vista da valoración económica da modificación proposta, considérase que non se produce unha alteración das condicións esenciais da licitación, na medida en que se respectan as normas procedimentais e de publicidade esixidas pola lexislación vixente, o importe da modificación non supera o 20 % do prezo inicial de cada un dos lotes e as condicións contractuais permanecen inalteradas.

En consecuencia, considérase procedente a modificación dos lotes 2, 3, 4 e 6 do contrato de “Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe”, co fin de garantir a adecuada satisfacción das necesidades derivadas do mesmo, unha vez emitidos os informes preceptivos da Secretaría Xeral e da Intervención.

Finalmente, a proposta de modificación deberá someterse á aprobación do órgano de contratación competente, que neste caso é a Xunta de Goberno”.



BORRADOR

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe favorable de fiscalización, con data 28/01/2026 e CSV: 5YTYQ2Y712GVIOJ3, no que se sinalan as seguintes observacións:

“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente) e supón un incremento de gasto computable no exercicio no que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade no mesmo.

Ao tratarse dun gasto de execución e de carácter corrente, que esgota os seus efectos co seu cumprimento, non compromete á sustentabilidade económico financeira desta entidade a longo prazo”.

Considerando.- Que en virtude do artigo 16.3 a) LCSP teñen a consideración de contrato de subministración aqueles de tracto sucesivo e prezo unitario, onde as entregas están subordinadas as necesidades do adquirente.

Considerando.- Que no artigo 301.2 LCSP recóllese a posibilidade de incrementar o número de unidades a subministrar por parte do contratista ata a porcentaxe dun dez por cento do prezo do contrato, naqueles cualificados como de subministración por prezo unitario, sen necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación, debendo de contemplarse no prego de cláusulas administrativas particulares e acreditándose no expediente a financiación correspondente. No prego de cláusulas administrativas regulador desta contratación (CSV: G0RWA9VUDN1IIBTJ) non se contempla tal circunstancia.

Considerando.- Que o órgano de Contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 190 LCSP, a prerrogativa de modificar os contratos celebrados por razóns de interese público.

Considerando.- Que segundo o artigo 203 da LCSP, os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- Que o artigo 204 LCSP establece que os contratos das administracións públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se houbese advertido expresamente desta posibilidade coa forma e co contido seguintes:

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente:
 - O alcance, límites e natureza.
 - As condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
 - E o procedemento que haxa que seguirse para realizar a modificación.

A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación no poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.



BORRADOR

